



ANEXO BASES DE ORGANIZACIÓN IX CARREIRA POPULAR CONCELLO DE RIANXO

A **IX Carreira Popular Concello de Rianxo** programada para o **mércres 1 de novembro** foi suspendida pola alerta meteorolóxica decretada pola AEMET para esa xornada.

O Concello de Rianxo ten previsto celebrar a proba o **vindeiro 19 de novembro**. As bases de organización son as mesmas cas da proba prevista para o pasado 1 de novembro, coas seguintes modificacións:

Artigo 4. Distancias e horarios

Categoría	Distancia	Horario	Percorrido	Nº voltas
Xoubas	100 m.	10:45 h.	Amarelo – 100 m.	1
Sardiñas	500 m.	11:00 h.	Verde – 500 m.	1
Sub 10	1.000 m.	11:10 h.	Verde – 500 m.	2
Sub 12	1.500 m.	11:25 h.	Azul - 750 m.	2
Sub 14	2.250 m.	11:40 h.	Azul – 750 m.	3
Sub 16	6.600 m.	12 h..	Vermello	2
“Sapatilla” inclusiva	6.600 m.	12 h..	Vermello	2
Sub 18 - Sub 20 - Sub 23 - Sénior - Máster	10.000 m.	12 h.	Vermello	3

Artigo 6. Inscripcións

Prazo:

As persoas inscritas para o proba do 1 de novembro a que non lles sexa posible participar na nova data, poderán solicitar a devolución da cota de participación entrando na area privada da persoa participante na web de inscricións antes



das 23:59 h do domingo 12 de novembro. No caso de non solicitar a devolución continuarán inscritas no evento.

Poderán formalizarse novas inscricións ata as 23:59 h do mércores 15 de novembro.

Non se aceptarán inscricións fora de prazo ou con datos incompletos.

Onde:

<https://barbanzarousa.gal>

Artigo 7. Chips, cronometraxe e retirada de dorsais e chips.

Retirada de dorsais:

O mesmo día da proba na Praza Castelao a partires das 9:00 e ata o inicio da proba.

Os participantes no Circuito de Carreiras Barbanza Arousa 2023, terán que recoller un dorsal novo de competición en cada proba, incluída esta, co cal terán que competir. Deberán dirixirse á zona de retirada de dorsais para recoller o dorsal e o agasallo de participación.

Cronometraxe e control por chip

Agás os participantes nas categorías xoubas e sardiñas, os demais participantes estarán controlados a través dun chip que se entregará a cada participante xunto co dorsal.